



Montes Veciñais  
en Man Común  
Valladares - Vigo

## **BASES PARA A PRESENTACIÓN DE PROXECTOS DE RECUPERACIÓN DO VIVEIRO DO MONTE ALBA**

En cumprimento do acordado, unanimemente, na Asemblea de Comuneir@s, celebrada o día 6 dos correntes, ábrese un prazo de 5 meses (ata o 15 de setembro) para presentar proxectos de aproveitamento viveirista en terreos do Monte Comunal.

### **Lugar de presentación:**

Oficina de Montes ou do CVC Valladares, en horario de 9,30 a 21,30 h. de luns a venres.

### **Quen pode presentalo**

Daráselle prioridade ós que veñan a nome dun Comuneiro, aínda que os que non o sexan, procedan de onde procedan, tamén poden presentalos.

### **A ter en conta na redacción do proxecto:**

Deberá de vir especificado o máis polo miúdo posible, tendo en conta ademais, que xa hai unha estrutura metálica preexistente, propiedade desta entidade ó igual que o peche perimetral que protexe da entrada de animais ó recinto. Así, deberá de figurar obrigatoriamente, a superficie a explotar, o tipo de planta, as instalacións que se ubicarán no espazo e a súa localización, as previsións de regadío e de recollida de augas residuais si as houbera, os posibles tratamentos fitosanitarios e abonos que se prevé usar na explotación, a maquinaria, se fora precisa, que se utilizaría, as necesidades de persoal para atender o plantío, o plan económico previsto,....Igualmente igualmente se fará constar a compensación que se prevé para a Comunidade, xa sexa económica ou en especie. Este criterio será determinante a hora de decidir a quen se lle autoriza a instalarse no Monte Comunal.

### **• A explotación:**

Para funcionar deberán de ter tódolos permisos de obra legais e sanitarios actualizados, ó igual que as inscricións nos rexistros pertinentes en regra. Contará igualmente cos seguros esixibles, tanto de explotación como do persoal que opere nela.

### **O procedemento:**

Unha vez finalice o período de presentación de ofertas establecido, si non hai proxectos presentados, a Xunta Rectora, decidirá si se prorroga o prazo por outro período de tempo a estipular, si se convida a presentar ofertas a viveiristas profesionais ou si se descarta a iniciativa.

Si hai proxectos válidos e viables resolveranse antes do 1 de outubro, priorizándose os d@s Comuneir@s e entre estess os que sexan máis rentables para a Comunidade e cumpran con tódolos requisitos que figuran nas bases ou cos que obxetivamente dicte o sentido común.

En todo caso a explotación non será admitida ata que non se asine o correspondente convenio entre as partes que deberá ser ratificado na Asemblea do derradeiro trimestre do 2014, a ser posible.

### **A duración do contrato:**

Será a que se pacte entre as partes, considerando as limitacións que marquen as leis vixentes no momento da súa sinatura.

A Xunta Rectora resolverá sobre os aspectos non reseñados nestas bases e disporá da potestade de desestimar os proxectos que non se axusten as mesmas.

So se devolverán os proxectos descartados, ós candidatos que o soliciten, antes de que remate o ano, se non fora así, poderían destruírse.

Valladares – Vigo 15 de abril do 2014.

A XUNTA RECTORA